A avaliación inicial é a que se realiza antes de empezar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, co propósito de verificar o nivel de preparación dos alumnos para enfrontarse aos obxectivos que se esperan que logren.

Realírase unha proba de avaliación inicial na que se avaliará a capacidade do alumno nas catro destrezas básicas (comprensión lectora, comprensión auditiva, expresión oral e expresión escrita), así como o coñecemento do alumno sobre o sistema lingüístico do idioma estranxeiro.

A devandita avaliación levarase a cabo durante o primeiro mes de curso e poderá realizarse a partir de la observación directa do alumnado na aula ou ben mediante probas específicas.

2º ESO - LOE

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA

O ensino do francés como Segunda Lingua Estranxeira na etapa de Educación Secundaria Obligatoria terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Comprender a información global e os datos máis relevantes de mensaxes orais sinxelos en francés, en situacións de comunicación próximas aos alumnos, mediante o uso consciente de estratexias de comprensión oral.
2. Utilizar de forma oral o francés nos intercambios comunicativos dentro do aula desenvolvendo pautas de interacción que permitan reaxustar o discurso.
3. Producir mensaxes orais sinxelas en francés, en situacións relacionadas co entorno comunicativo dos alumnos, combinando á vez recursos expresivos lingüísticos e non lingüísticos, co fin de satisfacer as súas necesidades máis básicas de comunicación.
4. Ler de forma comprensiva documentos auténticos sinxelos en francés, recorrendo conscientemente a estratexias de recoñecemento e identificación.
5. Producir mensaxes escritas de carácter práctico, respectando os trazos básicos do código e adecuando, para a súa elaboración, os esquemas formais correspondentes ó tipo de texto.
6. Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación como elemento facilitador da aprendizaxe do francés e como instrumento para mellorar as producións propias.
7. Captar e contrastar o que é diferente ou semellante entre a cultura francesa e a propia cultura no que se refire á visión do mundo e ás interaccións persoais, relativizando as propias crenzas culturais.
8. Aplicar a experiencia previa da aprendizaxe doutras linguas, desenvolvendo a capacidade de aprender de xeito autónomo.

OBXECTIVOS DA E.S.O.

1. Fomentar unha actitude favorable cara á materia, facendo participar aos alumnos de forma activa e receptiva.
2. Comprender a información global e esencial de mensaxes orais sinxelas relacionadas coa vida cotiá e cos temas tratados na aula.
3. Entender e utilizar o francés como lingua de comunicación dentro da aula.
4. Producir mensaxes orais sinxelas respectando as particularidades en canto á pronunciación, entoación e estrutura da frase.
5. Facer uso das estratexias comunicativas elementais para manter eficazmente a comunicación.
6. Aplicar estratexias de comprensión na comunicación tanto oral como escrita para captar o sentido dunha mensaxe sen necesidade de enténdelo exhaustivamente.
7. Comprender as ideas principais e secundarias de textos procedentes dos medios de comunicación e prensa xuvenil.
8. Establecer as correspondencias regulares básicas entre o francés oral e francés escrito.
9. Producir mensaxes escritas sinxelas de carácter práctico, atendendo ás necesidades da comunicación escrita (correspondencia persoal, formularios, diversos cuestionarios,...).
10. Dominar a estrutura básica da frase e construír pequenos textos, organizando as ideas e a información de forma coherente e comprensible.
11. Utilizar o vocabulario e as estruturas adecuadas segundo o tema nunha situación comunicativa concreta, tanto oral como escrita.
12. Reflexionar sobre os fenómenos que afectan á lingua e á comunicación, e sacar conclusións.
13. Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe e avaliar os propios progresos.
14. Recoñecer o erro como parte inherente ó propio proceso de aprendizaxe, e utilizalo para mellorar.
15. Identificar as propias habilidades e dificultades, co fin de poder determinar cales son os obxectivos alcanzados e as necesidades por cubrir.

16. Organizar o propio traballo con eficacia, utilizando o material de aprendizaxe básica (libro de texto, cadros gramaticais, léxico personalizado, caderno persoal, dicionario,...).
17. Adaptarse ó traballo en grupo, respectando ós compañeiros, e colaborando e asumindo con responsabilidade as tarefas que deban realizarse.
18. Recoñecer o significado e uso das convencións sociais.
19. Aceptar a diferenza e ter unha actitude de interese e respectando cara a outros pobos e culturas.
20. Empezar a mostrar unha actitude crítica respecto das informacións, opinións, modelos e estereotipos presentados.

OBXECTIVOS FRANCÉS 2ºESO

1. Fomentar unha actitude favorable cara á materia.
2. Reforzar a autoestima e a confianza en si mesmo.
3. Superar a inhibición para comunicar en lingua estranxeira.
4. Comprender situacións e mensaxes orais sinxelas en lingua estándar relacionadas coa vida cotiá e con temas de interese próximos ós alumnos.
5. Producir de forma intelixible mensaxes orais sinxelas en relación con situacións da vida cotiá e dun entorno próximos ó alumnado.
6. Entender e utilizar as consignas máis usuais de comunicación no aula.
7. Identificar e reproducir as entonacións básicas do francés.
8. Identificar actitudes e estados de ánimo en mensaxes orais.
9. Utilizar recursos lingüísticos e non lingüísticos para ampliar tanto a comprensión oral como escrita.
10. Establecer as correspondencias básicas entre a lingua oral e escrita.
11. Comprender as ideas globais e esenciais dun texto escrito accesible aos coñecementos do alumnado (extractos de prensa xuvenil, cómics, poemas,...).

12. Comprender e producir descrições e relatos sinxelos tanto de forma oral como escrita.
13. Producir textos simples a partir de pautas.
14. Deducir e inducir normas gramaticais a través da percepción auditiva e a observación de feitos lingüísticos.
15. Utilizar a experiencia de aprendizaxe doutras linguas e transferila para rentabilizar a aprendizaxe do francés.
16. Reflexionar sobre as técnicas e estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
17. Empezar a reflexionar e a medir os progresos en lingua estranxeira, así como a recoñecer as propias capacidades e limitacións.
18. Organizar e coidar o caderno persoal.
19. Utilizar con eficacia o material básico de aprendizaxe (manual, caderno de exercicios, consulta de cadros gramaticais, léxico personalizado,...).
20. Adaptarse ao traballo en grupo colaborando cos compañeiros e respectándoos.
21. Respetar as opinións dos compañeiros e profesores.
22. Realizar pequenos traballos en grupo de forma organizada, integrando os coñecementos lingüísticos noutras habilidades (plástica, música, teatro,...).
23. Participar activamente en diálogos, dramatizacións,..., usando estratexias lingüísticas e non lingüísticas para manter a comunicación.
24. Coñecer algúns hábitos da cultura francesa e comparalos con outras culturas.
25. Demostrar unha actitude aberta, curiosidade e interese por comunicarse en lingua estranxeira.
26. Aceptar a diferenza e manifestar unha actitude de interese e respecto cara a outros pobos e culturas.
27. Desenvolver o sentido crítico en función da temática abordada.

COMPETENCIAS (contribución da materia ao logro das competencias básicas na ESO)

Na definición que a Lei Orgánica de Educación (LOE) fai do currículo, encontrámonos tanto cos compoñentes tradicionais (obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación) coma cunha significativa novidade, como é a introdución das *competencias básicas*. Este elemento pasa a converterse nun dos aspectos orientadores do conxunto do currículo e, en consecuencia, en orientador dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, máxime cando nun dos cursos desta etapa educativa (segundo de ESO) o alumno participou na denominada avaliación de diagnóstico, na que debeu demostrar a adquisición de determinadas competencias. Independentemente de que esta avaliación non teña consecuencias académicas para os alumnos, o feito de que os seus resultados sirvan de orientación para que os centros adopten decisións relativas ás aprendizaxes dos alumnos dámos unha idea de como os procesos educativos se van ver condicionados por este novo elemento na liña de ser moito máis funcionais. Non esquezamos tampouco que a decisión de se o alumno obtén ou non o título de graduado en ESO se baseará en se adquiriu ou non as competencias básicas da etapa, de aí que as competencias se acabarán convertendo no referente para a avaliación do alumno.

Moitas son as definicións que se deron sobre este concepto novidoso (coñecido no noso país a partir dos denominados Informes PISA), pero todas fan fincapé no mesmo: fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que deberán ser demostrados polos alumnos (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos (neste caso, a capacidade de comunicación). De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Pero hai un aspecto que debe destacarse, dado que non adoita ser apreciado a simple vista, é o que incide sobre o que demos en chamar *carácter combinado* da competencia: o alumno, mediante o que *sabe*, debe demostrar que o *sabe aplicar*, pero ademais que *sabe ser e estar*. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara o alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes cívicas e intelectuais que impliquen o respecto aos demais, a ser responsable, a traballar en equipo...

Tamén é importante outro aspecto, ao que moitas veces non se lle concede a importancia que ten: formar en competencias permite facer fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica

do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non acaba nunca, polo que unha formación competencial no uso, por exemplo, das tecnoloxías da información e a comunicación permitirá acceder a este instrumento para obter a información que en cada momento se precise (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade todos os contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesa competencia, a de *aprender a aprender*.

No noso sistema educativo considérase que as competencias básicas que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Competencia en autonomía e iniciativa persoal.

Nunha competencia non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizala en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, calquera desas competencias poden alcanzarse se non en todas si na maioría das materias curriculares (esixe a coordinación entre departamentos), e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar estas competencias, independentemente de en cales as adquirise (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de alcanzar determinadas aprendizaxes, pero tamén, non o esquezamos, de que permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar coma fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

Non todas as competencias citadas anteriormente teñen a súa presenza no currículo desta materia: si que a teñen, sobre todo, a competencia en *comunicación lingüística*, a competencia en *aprender a aprender*, a competencia *social e cidadá*, a competencia no *tratamento da información e competencia dixital* e a competencia *artística e cultural*, sen descartar que as demais tamén poidan ser traballadas nalgún momento do curso (a de *autonomía e iniciativa persoal*, especialmente).

A avaliación de competencias básicas é un modelo de avaliación distinto ao dos criterios de avaliación, tanto porque se aplica en diferentes momentos doutras avaliacións, como porque a súa finalidade, aínda que complementaria, é distinta. Se partimos de que as competencias básicas supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades

e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación, e nestas situacións o habitual é que o alumno se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas. Desta forma, cando avaliamos competencias estamos avaliando preferentemente, aínda que non só, procedementos e actitudes, de aí que as relacionemos cos criterios de avaliación con maior carácter procedemental e actitudinal.

De que forma se logran cada unha das competencias básicas desde esta materia? Imos expoñer sucintamente os aspectos máis relevantes:

- **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

Esta competencia é a de maior relevancia que pode adquirirse nesta materia, xa que todos os seus contidos están orientados á adquisición dos coñecementos, destrezas e actitudes propios das habilidades comunicativas (orais e escritas), aspectos todos eles que se aplicarán para adquirir coñecementos noutras áreas e que son adquiridos noutras materias do currículo (Lingua castelá e Literatura e Primeira Lingua Estranxeira, principalmente, por ter códigos comúns).

- **COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER**

Esta competencia mostra como uns determinados contidos que deben mellorar a capacidade comunicativa serven para adquirir novos coñecementos de diferentes áreas, non en van no código lingüístico está a base do pensamento e do coñecemento (a representación da realidade), e para reflexionar sobre a propia aprendizaxe (e fixar estratexias que a fagan máis eficaz, o que incide tamén na competencia de autonomía e iniciativa persoal). Esta competencia é fundamental nun mundo cunha constante evolución nos coñecementos, para cuxa adquisición haberá de ter actitudes coma o esforzo, a responsabilidade, a autonomía, a autocrítica, etcétera. O uso do *Portfolio europeo das linguas* pode ter unha gran importancia para a adquisición desta competencia.

- **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ**

O uso da lingua como instrumento de comunicación axudará a que o alumno desenvolva a competencia social e cidadá, en canto que lle permitirá poñer en práctica habilidades sociais como a convivencia, o respecto, a tolerancia, etc., froito do seu contacto con outras realidades diferentes da propia (a francesa neste caso), non en van a comunicación é un acto eminentemente social mediante o que transmitimos pensamentos, emocións... Aínda que unha das finalidades esenciais desta materia é que o alumno aprenda a lingua francesa, tamén o é que coñeza e comprenda a cultura, as institucións, a forma de vida da francofonía, etc., o que converte a lingua nun sistema de comunicación e de coñecemento que lle permite adquirir unha visión plural doutras realidades.

- **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

O coñecemento da lingua francesa amplía a posibilidade, grazas ao emprego das tecnoloxías da información e a comunicación, de obter información nesta lingua e sobre esta lingua. Ademais, estas mesmas tecnoloxías facilitan a comunicación interpersoal, en tempo real, con mozos franceses, o que redunda positivamente no

coñecemento e emprego da mesma lingua (competencia en comunicación lingüística).

- **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

Esta competencia adquirese, fundamentalmente, cando se achega o alumno ás manifestacións culturais dos países de lingua francesa e ás creacións artísticas, literarias, etc., de autores francófonos. Da súa importancia dá conta un dos bloques de contidos da materia (Aspectos socio-culturais e consciencia intercultural).

- **COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

O uso da lingua en contextos determinados fai que o alumno se enfrente a diversas situacións nas que debe analizar e resolver problemas relacionados coas destrezas comunicativas e as habilidades sociais, o que redonda na súa capacidade para actuar reflexiva e autonomamente, con iniciativa e planificación, en grupo...

EN 2º de ESO

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS	UNIDADES
Comunicación lingüística	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de forma competente nas diferentes esferas da actividade social. 	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ser capaz de escoitar, falar e conversar en francés. 	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ser capaz de expresarse en francés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación 	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Saber ler textos en francés e así ampliar coñecementos e favorecer o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe. 	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar diferentes tipos de discursos en contextos e con funcións diversas. 	0 e 1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecer e aprender as regras de funcionamento do francés a partir das linguas que xa coñece. 	1, 2, 3, 4, 5 e 6
Tratamento da información e competencia dixital	2, 3, 4, 5 e 6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Acceder a todo tipo de información que se pode atopar en francés. 	2, 3, 4, 5 e 6
Social e cidadá	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar o francés como vehículo de comunicación e transmisión cultural. 	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferenzas culturais e de comportamento. 	1 e 4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Intercambiar información persoal en francés para reforzar a identidade dos interlocutores. 	0, 1, 2, 3, 4 e 5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aproveitar a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos demais, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros e favorecer o feito de aprender de e cos demais. 	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
Cultural e artística	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aproximarse mediante o estudo da lingua 	

a outros autores que contribuíron desde distintas áreas á manifestación artística.	5
▪ Realizar traballos creativos individualmente e en grupo.	1, 2, 3, 4, 5 e 6
▪ Realizar representacións de simulacións e narracións.	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
Aprender a aprender	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
▪ Utilizar a linguaxe para interpretar e representar a realidade, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
▪ Reflexionar sobre a propia aprendizaxe para identificar como se aprende mellor e que estratexias son máis eficaces.	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6
▪ Ser consciente da importancia da atención, a concentración, a memoria, a comprensión, etc., para afrontar o reto da aprendizaxe.	0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6

CONTIDOS SEGUNDO CURSO (CONCEPTOS)

Revisión dos contidos traballados durante todo o primeiro curso de aprendizaxe do francés lingua estranxeira.

Funcións:

- Describir a nosa casa.
- Dicir onde vivimos.
- Explicar o que facemos para axudar na casa.
- Expresar a frecuencia.
- Describir a roupa.
- Dar a nosa opinión: *je trouve que*.
- Comprar roupa.
- Preguntar e dicir un prezo.
- Comparar obxectos.
- Solicitar educadamente.
- Falar do noso tempo libre e do deporte.
- Explicar as nosas preferencias.
- Dicir o que queremos facer.
- Invitar (aceptar ou rexeitar)
- Expresar a obriga.
- Formular desexos: *je voudrais... j'aimerais...*
- Dicir o que sentimos (fame e sede).
- Expresar a cantidade.
- Falar dos nosos gustos (alimentos).
- Describir pratos.

- Compoñer e describir menús.
- Dar ordes e consellos.
- Contar en pasado.
- Dicir o que temos ganas de facer.
- Falar do que sabemos facer
- Falar das vacacións.
- Describir paisaxes.
- Organizar actividades.

Fonética:

- [R] - *ch*, [s] – [z], *g+e,i/j+a,e,i,o,u - è - ui*, [v] - [R].
- Vogais nasais.
- Entonación.
- Acentuación.

Gramática:

- Os números ordinais (ata dixième).
- Os pronomes persoais COD: *le, la l', les*.
- A frecuencia (*tous les..., une/deux...f*
- A negación: *ne...pas, ne...rien, ne...jamais, ne...plus*.
- Présent de l'indicatif: *mettre*.
- Os adexivos demostrativos.
- Os comparativos.
- Os pronomes persoais COI.
- Presente de indicativo: *pouvoir*
- *Faire du / de la / de l' + actividade .*
- *Jouer du / de la + instrumento.*
- *Il faut + infinitivo.*
- *Habiter à , en, au, aux.*
- Presente de indicativo: *vouloir, devoir*.
- Os artigos partitivos
- O pronome *en*.
- Responder a preguntas (afirmativas e negativas).
- Presente de indicativo: *finir, choisir*.
- Imperativo (afirmativo e negativo).
- A concordancia do participio pasado.
- O pretérito perfecto (formas afirmativa e negativas).
- Expresións temporais utilizadas co pretérito perfecto.
- *Peu, peu de / d'; beaucoup, beaucoup de / d'.*
- O pretérito perfecto (con *avoir* e con *être*).
- O participio pasado.
- Presente de indicativo: *savoir*.
- *Aller en / à + medio de transporte.*
- O pronome *y*.

Léxico:

- A casa (mobles e obxectos).
- Os cuartos da casa.
- Tarefas do fogar.
- A roupa.
- Adxetivos para describir a roupa.
- Actividades do tempo de lecer.
- O deporte.
- Internet.
- Os alimentos.
- Verbos de movemento.
- Os inventos.
- A natureza.
- Os medios de transporte.
- As vacacións.

Civilización:

- Gastronomía francesa.
- Franceses célebres.
- Turismo en Francia.

Temas transversais:

- Reparto equilibrado das tarefas do fogar dentro da unidade familiar.
- Saúde: alimentación equilibrada.
- Uso formativo do tempo de lecer.

CONTIDOS MÍNIMOS (2º curso)

COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL

- Comprender discursos orais de pouca dificultade.
- Ler con un mínimo de corrección.
- Participar en conversacións sinxelas. Plantexar e responder a preguntas.

COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA

- Comprender e producir textos sinxelos escritos: postais curtas, felicitacións.
- Saber cubrir formularios como os dun hotel

FUNCIONS

- Situar e describir un lugar.
- Describir gustos.
- Falar da familia.
- Expresar unha opinión.
- Describir unha casa.
- Localizar no espacio e no tempo.
- Comparar.
- As horas.
- Chamar por teléfono.
- Expresar a obriga.
- Usar fórmulas de cortesía.

LEXICO

- As comidas
- Familia
- Medios de transporte
- Comercio
- Viaxes
- Fórmulas e expresións

GRAMÁTICA

- Os partitivos.
- Os posesivos.
- Os pronomes personais.
- A negación.
- Ordinais.
- Comparativos.
- Interrogativos.
- Il faut.
- Presente do indicativo.
- Adverbios.

FONÉTICA

- Discriminación de fonemas vocálicos e consonánticos.
- Acento, entoación e ritmo.
- La liaison.
- E muda.

- Pronunciación correcta de –ent dos verbos.

PROCEDEMENTOS

- Identificación e análise da forma, a función e o significado dos elementos que integran o sistema lingüístico (artigos, xénero e número, conjugaciones,...).
- Discriminación auditiva, recoñecemento e identificación de elementos significativos, entonaciones, fonemas.
- Reproducción dos sons e entonaciones do francés.
- Práctica do francés como lingua de comunicación no aula
- Comprensión global e esencial de textos orais e escritos (cancións, poemas, diálogos, cómics, trabalenguas, extractos de prensa xuvenil,...).
- Producción de textos orais e escritos sinxelos (diálogos, descrições, pequenas narracións, cuestionarios,...).
- Participación activa en diálogos, enquisas e dramatizacións, usando estratexias para manter a comunicación.
- Complimentación de fichas, cuestionarios, e produción de breves textos escritos a partir de pautas.
- Análise de textos narrativos: linguaxe, trazos dos personaxes, características do argumento.
- Comparación da gramática do francés oral e do francés escrito.
- Inducción e deducción de normas gramaticales.
- Uso de estratexias de comunicación non lingüística e lingüística para manter a comunicación: fórmulas, xestos, debuxos, ton de voz,...
- Recoñecemento e uso de técnicas de aprendizaxe.
- Recurso a diferentes formas de aprendizaxe: proxectos, lectura de textos auténticos, collages, xogos, cancións, adivinanzas,...
- Aplicación de técnicas de consulta e tratamento das fontes de información (consulta de cadros gramaticales, léxico personalizado, diccionario, interacción con compañeiros e profesores,...).

- Aplicación de coñecementos doutras áreas do currículo o área de francés (matemáticas, ciencias naturais e sociais, lingua,...).
- Reflexión sobre a propia aprendizaxe.

ACTITUDES

- Curiosidade e interese pola nova lingua e a súa cultura.
- Actitude positiva respecto à aprendizaxe do francés.
- Interese por comunicarse en francés.
- Reforzo da autoestima e a confianza en si mesmo. Desinhibición.
- Actitude reflexiva, creativa e cívica na comunicación oral.
- Respecto e valoración das opinións alleas en intercambios orais e escritos.
- Interese e respecto cara a outros pobos e culturas.
- Recoñecemento da propia capacidade para progresar na aprendizaxe do francés.
- Responsabilidade no traballo en grupo, colaboración e participación.
- Aceptación das regras de xogo e as formas de traballo no aula.
- Atención e concentración na clase.
- Regularidade no traballo.
- Presentación coidada dos traballos.

SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS :

- ✓ PRIMEIRO TRIMESTRE: 0-1-2

UNIDADE 0

CONTIDOS

Conceptos

ASPECTOS COMUNICATIVOS

- O saúdo: *Bonjour. Salut.*
- A presentación de si mesmo (idade, familia, gustos...): *Je m'appelle Morgane et j'ai 13 ans. Mon anniversaire est le 15 décembre. J'ai un frère et une soeur. Mes matières préférées son l'anglais et l'histoire. J'adore la natation.*
- A descrición física: *Je suis grande et brune. J'ai les cheveux longs et raides.*
- A formulación de preguntas: *Comment (est-ce que) tu t'appelles ? Où (est-ce que) tu habites ? Quelle est ta série télé préférée ? Tu as un animal ?*
- O vocabulario da vida cotiá: *Il se lève. Il s'habille. Il prend son petit déjeuner. Il mange à la cantine. Il Écoute des CD.*
- O vocabulario da participación na vida da clase: *Tu me prêtes un stylo ? Comment ça s'écrit ? Monsieur, je n'ai pas compris.*

GRAMÁTICA - REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

- A frase interrogativa: *Comment (es-ce que) tu t'appelles ? Où (est-ce que) tu habites ? Combien (est-ce que) tu as de frères et soeurs ? Qu'est-ce que tu aimes ? Quel est ton livre préféré ? (Est-ce que) Tu aimes les chiens ?*
- A frase negativa con *ne... pas e pas de* : *Je n'aime pas le foot. Je n'ai pas de chien.*

GRAMÁTICA - CONXUGACIÓN

- O presente de indicativo: verbos en *-er*, verbos pronominais, *être, avoir, faire, prendre, écrire e aller.*

VOCABULARIO

- Os adxectivos para describir ás persoas: *grand, grande ; brun, brune ; cheveux longs ; cheveux raides ; cheveux frisés...*
- As actividades de tempo libre: *faire du vélo, écouter de la musique, aller à a plage, aller au ciné, danser, lire, naviguer sur Internet, regarder la télé, jouer au volley...*
- As cores: *violet, bleu, rouge, jaune...*
- Os números ata o 100.
- As actividades cotiás: *se lever, se doucher, s'habiller, prendre son petit déjeuner, manger, faire ses devoirs, dîner...*

ASPECTOS SOCIOCULTURALS

- A educación en Francia.

Procedementos

COMPRESIÓN ORAL

- Identificación de frases en francés.
- Recoñecemento de acentos.
- Audición e lectura de conversacións breves e dedución do significado dalgunhas expresións.
- Audición e lectura de palabras.
- Relación de sons e grafía.

COMPRESIÓN ESCRITA

- Audición e lectura de conversacións breves e dedución do significado dalgunhas expresións.
- Procura de información específica sobre *les loisirs* dos adolescentes franceses.
- Procura de información específica sobre as actividades cotiás dunha adolescente francesa.

EXPRESIÓN ORAL

- Audición e repetición de frases.
- Realización de traballo oral en parellas.
- Audición e repetición de acentos.
- Discriminación de fonemas.

Actitudes

- Interese por tomar conciencia dos coñecementos e as competencias adquiridas anteriormente con relación á lingua e a cultura francesas e francófonas.
- Valoración dos coñecementos previos que se teñen da lingua francesa.
- Valoración da lingua francesa como medio de comunicación e das formas de vida en Francia.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

- **Educación para a paz e a convivencia.**
Interese por coñecer diferentes realidades culturais de Francia ou doutros países e culturas que compoñen o mundo da francofonía.
- **Educación moral e cívica.**
Desenvolvemento da axuda no seo da clase.

UNIDADE 1

CONTIDOS

Conceptos

ASPECTOS COMUNICATIVOS

- A descrición da vivenda: *J'habite un appartement en ville au septième étage. Chez moi il y a un grand séjour, trois chambres, une cuisine et une salle de bains. Il n'y a pas de jardin.*
- As tarefas domésticas: *Pour aider à la maison, je fais la vaisselle.*
- A frecuencia das actividades cotiás: *Je fais la vaisselle tous les samedis. Je fais mon lit tous les matins. Je passe l'aspirateur deux fois par semaine. Elle ne range jamais sa chambre.*

GRAMÁTICA – REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

- Os ordinais (ata dixième).
- Os pronomes persoais complemento directo *le, la, l', les* con verbos en presente e imperativo afirmativo.
- A negación: *ne... pas, ne... rien, ne ... jamais, ne... plus.*
- Repaso de *Il y a... Il n'y a pas de...*

GRAMÁTICA - CONXUGACIÓN

- O presente de indicativo de *mettre*.

LÉXICO

- As habitacións da casa: *la salle à manger, le séjour, la cuisine, la chambre, la salle de bains, les toilettes, le couloir, le jardin, la terrasse, le balcon, la cour, le garage..*
- Os mobles e obxectos do dormitorio: *le lit, le bureau, l'armoire, le chevet, les étagères, le tiroir, le coussin, la lampe, le réveil.*
- As tarefas domésticas: *faire la vaisselle, ranger sa chambre, faire son lit, passer l'aspirateur, mettre la table, sortir les poubelles, arroser les plantes, préparer le repas.*
- Repaso: *les activités quotidiennes, la famille, l'heure, les jours de la semaine, les parties de la journée.*

FONÉTICA

- A acentuación.

ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

- O aloxamento en Francia
- As tarefas domésticas que fan os mozos franceses.

Procedementos

COMPRENSIÓN ORAL

- Audición e lectura simultánea de palabras referidas á casa.
- Audición para traballar a relación *phonie-graphie*.
- Localización de palabras nunha listaxe.
- Audición e lectura simultánea de palabras referidas ás tarefas da casa.
- Localización de información específica.

COMPRENSIÓN ESCRITA

- Resposta a preguntas de *vrai ou faux*.
- Transformación de frases de acordo cun modelo.
- Toma de notas logo da escoita dun texto.
- Copia das palabras novas adquiridas no *Répertoire*.
- Realización de exercicios de relación; texto con ilustración.

EXPRESIÓN ORAL

- Realización de intercambios comunicativos por parellas ou en grupos.
- Resposta a preguntas.
- Descrición das tarefas da casa.
- Participación en exposicións orais.
- Enquisa sobre compartir ou non a habitación cun irmán.

Actitudes

- Sensibilización ante a importancia da lingua francesa como medio de comunicación.
- Interese por comprender mensaxes expresadas en lingua francesa.
- Curiosidade por coñecer outra lingua e outras culturas.
- Aceptación dos elementos básicos da cultura francófona.
- Interese por traballar en forma cooperativa en parellas e grupos.
- Interese en consultar dúbidas co profesor.
- Curiosidade e interese polo proceso de aprendizaxe.
- Disposición a aceptar o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Esforzo por usar o francés na aula.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

- **Educación moral e cívica**
Desenvolvemento da cooperación e a axuda entre os membros dun equipo ou entre os grupos na clase.

- **Educación para a paz e a convivencia**
Interese por coñecer diversas realidades culturais.
- **Educación para a igualdade entre os sexos**
A colaboración nas tarefas do fogar sen facer distincións sexistas.

UNIDADE 2

CONTIDOS

Conceptos

ASPECTOS COMUNICATIVOS

- A descrición das pezas de vestir: *le pull est long. La jupe est courte. Ces baskets sont moches.*
- A forma de dar a opinión : *Je trouve que le tee-shirt est trop large.*
- A compra de pezas de vestir: *Je peux essayer cette jupe ? Combien coûte le pantalon ? Vous pouvez me faire un paquet cadeau ?*
- Os traballos que se realizan para gañar a paga: *Je lave la voiture de mon oncle: Je promène le chien du voisin:*
- Repaso: *Dire ses goûts (J'adore, j'aime ben, je n'aime pas, je déteste.) Exprimer la cause (parce que).*

GRAMÁTICA – REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

- Os adxectivos demostrativos: *ce, cet, cette, ces*
- O número dos adxectivos de cor: *bleus, bleues, noirs, noires, verts, vertes, blancs, blanches, marron, marron, jaunes, jaunes, gris, grises...*
- Os comparativos: *plus + adjectif + que, moins + adjectif + que, aussi + adjectif + que.*
- Os pronomes persoais complemento indirecto: *me, m', te, t', lui, nous, vous, leur.*
- Repaso: *le pluriel des noms et des adjectifs.*

GRAMÁTICA – CONXUGACIÓN

- O presente de indicativo de *pouvoir.*

LÉXICO

- As pezas de vestir: *un pantalon, un chemisier, une jupe, un tee-shirt, un jean, un sweat, un blouson, une robe, une salopette, un pull, des chaussures, des baskets, des bottes.*
- Os estampados: *à carreaux, à rayures, à pois, uni, unie.*
- Os adxectivos para describir pezas de roupa: *joli, jolie; moche, moche; sympa, sympa; top, top; xenial, géniale; nul, nulle; long, longue; court, courte; large, large; serré, serrées ; grand, grande ; petit, petite ; chouette, chouette ; cher, chère ; original, originale.*

- Os pequenos encargos: “*Petits boulots*” *promener le chien, laver la voiture, faire les courses, donner à manger au chat, arroser les plantes, aider son voisin à faire ses devoirs...*
- Repaso: *les adjectifs de couleur, les nombres.*

FONÉTICA

- Os sons [ʃ] e [R].

ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

- Os adolescentes e a moda en Francia.
- O diñeiro e os adolescentes.

Procedementos

COMPRESIÓN ORAL

- Audición e lectura simultánea de textos e frases.
- Obtención de información específica sobre o xeito de vestir dos adolescentes.
- Audición e repetición do vocabulario relativo ao xeito de vestir dos adolescentes.
- escoita fonética das diferentes palabras que conteñen os sons estudados.

COMPRESIÓN ESCRITA

- Resposta a preguntas de selección múltiple.
- Corrección de exercicios de comprensión oral.
- Lectura de textos breves e traballo sobre eles.
- Corrección de actividades do *Cahier d'exercices*.

EXPRESIÓN ORAL

- Audición e repetición de frases.
- Realización de intercambios comunicativos por parellas ou en grupos sobre a vestimenta dos adolescentes e os grandes almacéns.
- Descrición dunha ilustración.
- Exposicións orais.
- Participación en exercicios de *vrai ou faux*.

EXPRESIÓN ESCRITA

- Clasificación de palabras.
- Descrición dun debuxo.
- Formulación de frases para traballar os adxectivos demostrativos.
- Formulación de frases para traballar os pronomes persoais C.O.I.
- Obtención e escritura de información sobre textos orais traballados.

Actitudes

- Interese por comprender mensaxes expresadas en lingua francesa.
- Respecto polos hábitos e costumes dos países francófonos.
- Aceptación dos elementos básicos da cultura francófona.
- Interese por traballar en forma cooperativa en parellas e grupos.
- Interese en consultar dúbidas co profesor.
- Superación do medo ao erro.
- Curiosidade e interese polo proceso de aprendizaxe.
- Disposición a aceptar o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Utilización da imaxinación para activar e aumentar coñecementos lingüísticos.
- Esfuerzo por usar o francés na aula.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

- **Educación moral e cívica**
Ter conciencia de que un bo ambiente na clase axuda ao bo funcionamento dos grupos.
- **Educación do consumidor**
Análise crítica da sociedade de consumo.

✓ SEGUNDO TRIMESTRE: 3-4

UNIDADE 3

CONTIDOS

Conceptos

ASPECTOS COMUNICATIVOS

- As actividades de tempo libre: *Je fais du judo. Je vais m'inscrire au club de théâtre. Mon activité préférée est la natation.*
- O deporte favorito: *Mon sport préféré est le rugby. J'adore le basket.*
- As invitacións (aceptación e rexeitamento): *Tu veux aller à la patinoire ? On va à la piscine ? On peut regarder la télé. Ça te dirait de venir chez moi ? Oui, bonne idée. D'accord. Je veux bien. Non, je n'aime pas ça. Ça ne me dit rien. Je ne peux pas, je dois terminer mes devoirs.*
- A expresión da obriga: *Je dois ranger ma chambre. Je dois aller chez un copain.*
- A formulación de desexos: *Je voudrais... J'aimerais...*

GRAMÁTICA – REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

- Faire du/de la/de l' + actividade: Je fais du théâtre. Elle fait de la natation. Ils font de l'escalade.*
- Jouer du/de la + instrumento: Il joue du piano. Tu joues de la guitare.*
- Il faut + infinitivo: Pour faire du roller il faut porter des protections.*

GRAMÁTICA - CONXUGACIÓN

- O presente de indicativo de *vouloir* e *devoir*.
- Repaso: *aller + infinitif*.

LÉXICO

- As actividades de tempo libre: *le théâtre, la peinture, jouer du piano, jouer de la guitare, la lecture, la chorale, la poterie, aller à la bibliothèque, aller au cinéma, naviguer sur Internet, regarder la télé, écouter des CD.*
- Os deportes: *le judo, le basket, la natation, l'escalade, le foot, l'équitation, le karaté, le ping-pong, le VTT, le volley, le patinage, le rugby, le handball, l'athlétisme, le ski, le snowboard, la randonnée, le roller.*
- Internet: *trouver des informations, consulter des dictionnaires, regarder des photos, regarder des clips, écouter des chansons, lire des BD, discuter, le courrier électronique, les émoticônes, chatter...*

FONÉTICA

- A *liaison*.
- Os sons [s] e [z]

ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

- Os deportes en Francia
- A navegación por Internet

Procedementos

COMPRESIÓN ORAL

- Audición dun texto e respostas a preguntas de selección múltiple.
- Audición e lectura simultánea de textos e frases.
- Audición e escritura das actividades extraescolares.
- Audición e lectura de frases con utilización da *liaison*.

COMPRESIÓN ESCRITA

- Resposta a preguntas de selección múltiple.
- Lectura de textos breves sobre deportes.
- Descrición das actividades extraescolares.
- Localización de palabras novas inseridas nunha listaxe.

EXPRESIÓN ORAL

- Realización de intercambios comunicativos por parellas ou en grupos sobre o tema da unidade.

- Respostas a preguntas relacionadas cos temas tratados.
- Descrición de ilustracións.
- Consellos aos seus compañeiros sobre que actividades poden realizar.

EXPRESIÓN ESCRITA

- Redacción de textos breves sobre os deportes preferidos.
- Redacción de textos breves sobre as actividades de tempo libre.
- Traballo sobre textos *à trous*.
- Elaboración escrita de descricións sobre os temas tratados na unidade.

Actitudes

- Valoración da lingua francesa como medio de comunicación.
- Interese por comprender mensaxes expresadas en lingua francesa.
- Respecto polos hábitos e costumes dos países francófonos.
- Aceptación dos elementos básicos da cultura francófona.
- Interese por traballar en forma cooperativa en parellas e grupos.
- Interese en consultar dúbidas co profesor.
- Disposición a aceptar o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Utilización de recursos que faciliten a comunicación: xestos...
- Esfuerzo por usar o francés na aula.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

- **Educación moral e cívica**
Axuda e colaboración entre compañeiros e amigos.
- **Educación para a paz**
Desenvolvemento dunha actitude tolerante cara aos gustos e os intereses dos demais.

UNIDADE 4

CONTIDOS

Conceptos

ASPECTOS COMUNICATIVOS

- A expresión de necesidades (sede e fame): *J'ai faim. J'ai soif.*
- A indicación de gustos alimentarios: *J'adore les frites. Je déteste les tomates.*
- A descrición de pratos: *Dans le cassoulet il y a haricots blancs et des saucisses.*

- A composición de menús: *Comme entrée il y a du pâté. Comme plat principal il y a du poisson pané avec du riz. Pour le dessert il y a des yaourts.*

GRAMÁTICA - REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

- Os partitivos: *Je mange du chocolat. Il y a de la pizza. Vous prenez des frites.*
- O pronomine *en* : *Tu veux de la salade ? Oui j'en veux. Non je n'en veux pas.*
- A contestación a preguntas (afirmativas e negativas): *Tu veux écouter le CD ? Oui. / Non. Tu veux pas écouter le CD ? Non. / Oui.*

GRAMÁTICA - CONXUGACIÓN

- O presente de indicativo: *finir e choisir.*
- O imperativo (afirmativo e negativo).

VOCABULARIO

- Os alimentos: froitas (*la pomme, la banane, l'ananas, la fraise, l'abricot, la cerise, la raisin, la poire, la pêche, l'olive, le citron, l'orange, le melon*), verduras e legumes (*les haricots verts, les haricots blancs, la salade, les petits pois, la carotte, le chou, la pomme de terre*), e outros (*le poulet, le poisson, les frites, la pizza, le jambon, le fromage, le pain, les oeufs, le jus d'orange, le yaourt, le biscuit, la compote de pommes, la glace, la mousse au chocolat, le jambon blanc, la côtelette de porc, la saucisse, le riz, la purée, le sucre, la confiture, le bombón, le chocolat, le lait, le pain, la crème, les escargots, l'huile, les chips*).

FONÉTICA

- Os sons [ʒ], [ɛ], e [çi].

ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

- Os pratos típicos en Francia.

Procedementos

COMPRESIÓN ORAL

- escoita dun texto e resposta a preguntas de selección múltiple.
- Localizar a información específica contida en textos orais.
- Audición fonética dos sons: [ʒ], [ɛ], [çi].
- Audición e lectura dun texto.

COMPRESIÓN ESCRITA

- Resposta a preguntas de selección múltiple.
- Realización de xogos para a aprendizaxe dos artigos partitivos en francés.
- Procura de información específica en textos escritos.
- Lectura de textos breves.

- Audición e lectura de pequenos textos no manual do alumno.

EXPRESIÓN ORAL

- Respostas a preguntas relacionadas cos temas tratados.
- Realización de intercambios comunicativos por parellas ou en grupos sobre os temas tratados na Unidade.
- Traballo sobre os pratos da cociña española en xeral.
- Audición e lectura dos diálogos do manual do alumno.

EXPRESIÓN ESCRITA

- Redacción de textos breves imitando un exemplo.
- Dedución da regra de utilización do pronome *en* en francés a través dun traballo con ilustracións.
- Presentación dalgúns menús realizados polos alumnos.

Actitudes

1. Valoración da lingua francesa como medio de comunicación.
2. Interese por comprender mensaxes expresadas en lingua francesa.
3. Respecto polos hábitos e costumes dos países francófonos.
4. Curiosidade e flexibilidade ao coñecer outra lingua e outras culturas.
5. Interese por traballar en forma cooperativa en parellas e grupos.
6. Interese en consultar dúbidas co profesor.
7. Curiosidade e interese polo proceso de aprendizaxe.
8. Disposición a aceptar o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
9. Utilización de recursos que faciliten a comunicación: xestos...
10. Esfuerzo por usar o francés na aula.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

- **Educación para a saúde**
Reflexión e valoración da relación existente entre os alimentos e a saúde.
- **Educación do consumidor**
Análise crítica da sociedade de consumo e da alimentación.

✓ TERCEIRO TRIMESTRE: unidades 5-6

UNIDADE 5

CONTIDOS

Conceptos

ASPECTOS COMUNICATIVOS

- O relato de acontecementos pasados: *Aujourd'hui nous sommes halles au stade. Samedi soir, Chloé est venue chez moi.*
- A indicación de cantidade: *Il a beaucoup mangé. Patricia a beaucoup de livres. Il dort peu. Il a peu de CD.*
- A expresión de desexos: *Qu'est-ce que tu as envie de faire ? Je voudrais regarder un filme. J'aimerais aller en ville.*

GRAMÁTICA – REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

- O pretérito perfecto (formas afirmativa e negativa): *Ils ont joué au foot. Ils n'ont pas joué au foot.*
- A concordancia do participio: *Il est allé, elle est allée, ils sont allés, elles sont allées.*
- As referencias temporais utilizadas co pretérito perfecto: *la semaine dernière, lundi, mardi, hier matin, aujourd'hui, ce matin, cet après-midi, à deux heures...*
- Peu, peu de/d' - beaucoup, beaucoup de/d'.*

GRAMÁTICA - CONXUGACIÓN

- O pretérito perfecto (con *avoir* e *être*).
- O participio: *parler, parlé; finir, fini; boire, bu; mettre, mis ; faire, fait ; lire, lu ; voir, vu ; prendre, pris ; écrire, écrit ; venir, venu ; sortir, sorti ; partir, parti ; descendre, descendu ...*
- O presente de indicativo de *savoir*.

LÉXICO

- Os verbos de movemento: *se lever, monter, descendre, entrer, sortir, tomber, aller, venir, partir.*

FONÉTICA

- Os sons [sj],[],[ã] e [].

ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

- Os personaxes franceses soados: *Jean Mermoz, Gustave Eiffel, les frères Lumière, Louis Braille, Jules Verne, René Goscinny, Jacques-Yves Cousteau, Pierre et Marie Curie.*

Procedementos

COMPRENSIÓN ORAL

- Localización de información específica en textos orais.
- escoita dun texto e resposta a preguntas de selección múltiple.
- Descrición de accións pasadas.
- escoita dun texto relativo á visita a un museo e explicación do que se pode ver nun pequeno plano.

COMPRESIÓN ESCRITA

- Lectura de listaxes de vocabulario e expresións.
- Escritura no encerado dos nomes de personaxes franceses soados.
- Procura de información específica en textos escritos.
- Finalización co novo vocabulario estudado de textos *à trous*.
- Lectura de textos breves.

EXPRESIÓN ORAL

- Resposta a preguntas relacionadas cos temas tratados.
- Lectura coa entoación correcta das palabras aprendidas.

EXPRESIÓN ESCRITA

- Descrición de ilustracións.
- Redacción de textos breves imitando un exemplo.
- Ditado das novas palabras estudadas.

Actitudes

- Valoración da lingua francesa como medio de comunicación.
- Interese por comprender mensaxes expresadas en lingua francesa.
- Curiosidade e flexibilidade ao coñecer outra lingua e outras culturas.
- Interese por traballar en forma cooperativa en parellas e grupos.
- Interese en consultar dúbidas co profesor.
- Curiosidade e interese polo proceso de aprendizaxe.
- Disposición a aceptar o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Utilización de recursos que faciliten a comunicación: xestos...
- Esfuerzo por usar o francés na aula.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

▪ Educación para a paz e a convivencia

Respecto e interese polas informacións culturais provenientes de Francia ou da área francófona.

▪ Educación moral e cívica

Toma de conciencia da importancia do espírito de equipo e do respecto ás normas existentes na clase para o bo funcionamento do traballo en grupo.

UNIDADE 6

CONTIDOS

Conceptos

ASPECTOS COMUNICATIVOS

- As vacacións: *Mathieu est parti en Espagne. Je fais beaucoup d'activités. Cet été je vais en Corse. J'aimerais partir un mois en Espagne.*
- A descrición de paisaxes: *Il y a beaucoup de plages et de forêts de pins.*
- A impartición de consellos: *Si tu veux parler espagnol, fais un séjour linguistique / tu dois aller en Espagne / tu peux vivre dans une famille.*
- A organización de actividades: *J'aimerais bien faire une balade en forêt. On va à la plage ? Tu sais faire de la planche ? Qu'est-ce qu'on fait samedi ?*

GRAMÁTICA

- Aller en / à + medio de transporte: Je vais à Paris en voiture. Ils vont à la plage à vélo. Nous allons en Corse en bateau.*
- O pronome *y* : *Tu es allé au cinéma ? Oui, j'é suis allé hier. Tu vas à la piscine ? Non, je n'y vais pas.*

VOCABULARIO

- A natureza: *la plage, la dune, la forêt, l'île, le village, le port de pêche.*
- Os medios de transporte: *l'avion, la voiture, le bus, le bateau, le train, le tramway, le vélo, la moto.*
- As actividades de tempo libre (repasso): *aller à la plage, faire du vélo, faire du cheval, faire de la planche, faire du surf, faire de l'équitation, aller au cinéma, aller à la piscine, sortir, regarder la télé, jouer au tennis, faire du théâtre.*
- As vacacións: *la plage, le soleil, la mer, les vagues, s'amuser.*

FONÉTICA:

- Os sons [v] e [R].

Procedementos

COMPRENSIÓN ORAL

- Audición e lectura simultánea de textos e frases.
- Audición dun texto e resposta a preguntas de selección múltiple.
- Audición dun texto sobre estancias lingüísticas en Francia.
- Localización de información específica en textos orais.

COMPRENSIÓN ESCRITA

- Resposta a preguntas de selección múltiple.
